

CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA PARA A TEMPADA 2022/2023 – 2ª FASE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN formalizou cos clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de agosto de 2023 ata o 31 de outubro de 2023. A relación de clubs é a seguinte:

- EXP 001 Club Leones de Oroso BBC
- EXP 002 Club Béisbol y Sofbol Cambre (masculino)
- EXP 003 Druidas Béisbol Club
- EXP 004 Trasnos Béisbol Club
- EXP 005 Club Béisbol y Sofbol Cambre (feminino)
- EXP 006 Club de Pelota A Coruña
- EXP 008 Club Copacabana de Piragüismo
- EXP 009 Club Piragüismo Penedo (kayak polo)
- EXP 010 S D Tirán
- EXP 011 Club Remo Cabo de Cruz (feminino)
- EXP 012 Club Remo Cabo de Cruz (masculino)
- EXP 013 Sociedad Deportiva Samertolameu
- EXP 014 Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (feminino-duatlon)
- EXP 015 Agrupación Deportiva Náutico de Narón (feminino-duatlon)
- EXP 016 Club Triatlón Santiago (feminino-duatlon)
- EXP 017 Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (masculino-duatlon)
- EXP 018 Club Triatlón Santiago (masculino-duatlon)
- EXP 019 Club Triatlón Ferrol (masculino-duatlon)
- EXP 020 Triatlón Arteixo (masculino-duatlon)
- EXP 021 Agrupación Deportiva Náutico de Narón (masculino-duatlon)
- EXP 022 Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (feminino-triatlon)
- EXP 023 Agrupación Deportiva Náutico de Narón (feminino-triatlon)
- EXP 024 Club Triatlón Santiago (feminino-triatlon)
- EXP 025 Club Triatlón Santiago (masculino-triatlon)
- EXP 026 Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial (masculino-triatlon)
- EXP 027 Club Triatlón Ferrol (masculino-triatlon)
- EXP 028 Agrupación Deportiva Náutico de Narón (Triatlón Masculino)
- EXP 029 Triatlón Arteixo (masculino-triatlon)
- EXP 030 Club de Atletismo Ría de Ferrol
- EXP 031 Club Atletismo Femenino Celta
- EXP 032 Sociedad Gimnástica de Pontevedra (feminino)



- EXP 033 Sociedad Gimnástica de Pontevedra (masculino)
- EXP 034 Real Club Celta de Atletismo
- EXP 035 Clube Bádminton As Neves
- EXP 036 Club Polideportivo Athlos de Orense
- EXP 037 Club Halterofilia Coruña "A" (feminino-división honra)
- EXP 038 Club Halterofilia Pabellón (feminino-división honra)
- EXP 039 Club Halterofilia Coruña "B" (feminino-1ª división)
- EXP 040 Club Halterofilia Vigo (feminino)
- EXP 042 Club Halterofilia Coruña "A" (masculino-división honra)
- EXP 043 Club Halterofilia Pabellón (masculino-división honra)
- EXP 045 Club Halterofilia Coruña "B" (masculino-1ª división)
- EXP 047 Club Halterofilia Vigo (masculino)
- EXP 048 Club Sada Patín
- EXP 049 Sociedad Cultural y Deportiva Rabadeira
- EXP 050 Club Maritmo Deportivo e Cultural Breogán do Grove (feminino)
- EXP 051 C. Kayak Tudense (feminino)
- EXP 052 Club de Piragüismo As Torres de Catoira (feminino)
- EXP 053 Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra (feminino)
- EXP 054 Club de Mar Ría de Aldán (feminino)
- EXP 055 Club Fluvial de Lugo (feminino)
- EXP 056 Club Piragüismo Rías Baixas (feminino)
- EXP 057 Club Escola de Piragüismo Poio (feminino)
- EXP 058 Club Piragüismo Ciudad de Lugo (feminino)
- EXP 059 Club Ría de Betanzos (feminino)
- EXP 060 Club Náutico O Muiño Ribadumia (feminino)
- EXP 061 Club Náutico Pontecesures (feminino)
- EXP 062 Club Náutico Firrete de Pontedeume (feminino)
- EXP 063 Piragüismo Portonovo (feminino)
- EXP 064 C. Kayak Tudense (masculino)
- EXP 065 Club Maritmo Deportivo e Cultural Breogán do Grove (masculino)
- EXP 066 Club Escola de Piragüismo Poio (masculino)
- EXP 067 Club Piragüismo Vilaboa
- EXP 068 Club Naval de Pontevedra
- EXP 069 Club Piragüismo Rías Baixas (masculino)
- EXP 070 Club Fluvial de Lugo (masculino)
- EXP 071 Club Ría de Betanzos (masculino)
- EXP 072 Club de Mar Ría de Aldán (masculino)
- EXP 073 Club Piragüismo Ciudad de Lugo (masculino)
- EXP 075 Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra (masculino)
- EXP 076 Club de Piragüismo As Torres de Catoira (masculino)
- EXP 077 Club Piragüismo Verducido Pontillón
- EXP 078 Club Náutico Firrete de Pontedeume (masculino)
- EXP 079 Club Náutico Pontecesures (masculino)
- EXP 080 Piragüismo Portonovo (masculino)



- EXP 081 Club Piragüismo Illa de Arousa
- EXP 082 Clube Fluvial O Barco
- EXP 083 Club Náutico O Muiño Ribadumia (masculino)
- EXP 084 Escola de Ximnasia Acordes
- EXP 085 Extol-La Gramola Team
- EXP 086 XSM Clube Ciclista
- EXP 087 Clube Ciclista Maceda
- EXP 088 Club Ciclista Coruxo
- EXP 089 Club Ciclista Farto (feminino)
- EXP 090 Master da Louriña (feminino)
- EXP 091 Asociación Recreativa Ciclismo Oiense (feminino)
- EXP 092 Grupo Deportivo Supermercados Froiz
- EXP 093 Club Ciclista Padronés
- EXP 094 Club Ciclista Rías Baixas
- EXP 095 Asoc Deportiva Punta Fondón
- EXP 096 Master da Louriña (masculino)
- EXP 097 Club Ciclista Vigués
- EXP 098 Team Cycling Galicia
- EXP 099 Asociación Recreativa Ciclismo Oiense (masculino)
- EXP 101 Club Ciclista Riazor
- EXP 102 Club Deportivo Miño (feminino)
- EXP 103 Club Piragüismo Penedo (slalom feminino)
- EXP 104 Clube Deportivo Municipal de Piragüismo de Dumbría (feminino)
- EXP 105 Club Piragüismo Penedo (slalom masculino)
- EXP 106 Club Deportivo Miño (masculino)
- EXP 108 Clube Deportivo Municipal de Piragüismo de Dumbría (masculino)
- EXP 109 Club de Montaña Quixós
- EXP 110 Club Volei Praia Vigo

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte das Entidades á Fundación Deporte Galego así como a colaboración das partes na promoción do deporte de alta competición en Galicia, de acordo co Plan de patrocinio para a tempada 2022/2023 – 2ª fase.

Este patrocinio desenvólvese conforme ás prestacións publicitarias obrigadas e á proposta de melloras publicitarias presentada polas Entidades así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, tempada 2022/2023 – 2ª fase.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

- I. A Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa



consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.

- II. A Fundación, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, tempada 2022/2023 – 2ª fase, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. As Entidades contan cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Esta iniciativa, que comezou na tempada 2009/2010 logrou captar a atención dalgunhas das máis recoñecidas e prestixiosas empresas galegas como soporte publicitario para dar a coñecer a súa marca e os seus produtos. Tal foi o caso de Abanca Corporación Bancaria S.A. (ABANCA), unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se incorporou como patrocinadora deste plan no ano 2015.
- V. Tras tempadas de traballo, logrando dos clubs un grande retorno publicitario en todo o territorio galego, estatal e incluso a nivel internacional, cunha presenza permanente da imaxe deste Plan de Patrocinio nos medios de comunicación, nos espazos deportivos, e nas redes sociais, incorpórase nesta fase a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- VI. No ámbito do acordo de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte, para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade súmase ao apoio deste plan na procura de deseñar e transmitir contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia no deporte e na vida, entendendo esta actuación como un medio fundamental para a educación da sociedade sin discriminación e que incumbe a todas as persoas.
- VII. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA e da CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE como patrocinadores oficiais do plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no presente Plan a favor de ABANCA e da CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE.
- VIII. Grazas á consolidación deste Plan e á implicación e compromiso das entidades patrocinadas, cumprindo estritamente coas esixencias publicitarias establecidas pola Fundación, para esta tempada 2022/2023, unha vez máis, todos os equipos obxecto deste patrocinio serán o escaparate perfecto para demostrar que o DEPORTE GALEGO é un soporte publicitario de altísimo valor para exportar polo mundo a imaxe do noso tecido empresarial galego, para poñer en valor a importancia do deporte como medio de fomento da actividade física e como ferramenta de loita pola tolerancia, igualdade e non violencia no deporte e na vida.
- IX. O 12 de febreiro de 2021, o Parlamento Europeo e o Consello adoptaron o Regulamento (UE) 2021/241, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco da iniciativa Next Generation EU. O financiamento axudará aos Estados membros a facer fronte aos efectos económicos e sociais da crise ocasionada pola pandemia do Covid-19, apoiando asemade a transición ecolóxica e



dixital, contribuíndo á promoción do crecemento sostible e á mellora da resiliencia dende un punto de vista económico financeiro, social, territorial e medioambiental.

Dando cumprimento ao mandato contido no citado Regulamento, España presentou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, como instrumento fundamenta para o desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación Next Generation EU, o cal se estrutura en torno a catro eixes principais, a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero, sendo aprobado polo Consello da Unión Europea en data 16 de xuño de 2021.

Neste contexto de adopción de medidas co obxectivo de mitigar o impacto da crise sanitaria e impulsar a recuperación económica, aprobouse o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para a adecuada xestión dos fondos europeos e a implementación eficaz do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O pasado 5 de xullo de 2022 foi aprobado, pola Conferencia Sectorial de Deporte, o acordo relativo á distribución territorial e criterios de reparto de créditos xestionados por comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía con cargo ao orzamento do Consello Superior de Deportes no marco do compoñente 26 Fomento do sector deporte-C26.I03.P02, Promoción da igualdade no deporte, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A medida (C26.I3) ten recoñecido o obxectivo CID 375: «Realización de accións no marco do Plan nacional do deporte: finalización de accións no marco do Plan social do deporte, incluída a renovación de polo menos corenta instalacións deportivas e accións para promover a presenza de mulleres no deporte profesional (programas de formación, campañas de márketing e estudos). As intervencións en materia de eficiencia enerxética deberán lograr por termo medio una redución da demanda de enerxía primaria de, polo menos, o 30 %. A lista de instalacións farase pública».

Co presente Plan preténdese realizar actuacións de comunicacións que promovan a igualdade e a inclusión no deporte, desenvolvendo as medidas expostas no referido compoñente.

Esta actuación está suxeita ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo y do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; á Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; ao Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; á Orde HFP/1030/2021 de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; á Orde HFP/1031/2021 de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan; e á Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e por cantas normas de desenrolo se aproben, no que resulte aplicable a este procedemento.

- X. O Plan de Patrocinio conta con dúas liñas de patrocinio:
 - a. Patrocinio con cargo á liña específica Xunta de Galicia.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.



- XI. As seguintes entidades manifestaron na solicitude o desexo de acceder só á liña de patrocinio do primeiro apartado, presentando ademais a proposta de melloras para esta:
1. Club de Pelota La Coruña (Pelota - Frontón Corto 36 Metros - Masculino).
 2. Master da Louriña (Ciclismo - Ruta - Feminino).
 3. Asociación Deportiva Punta Fondón (Ciclismo - Ruta - Masculino).
- XII. Logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades resultaron adjudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio.
- XIII. Conforme a todo o referenciado, as Partes, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non poideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

